



Concello de Boiro

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO : AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS, PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E CONVOCATORIA DE SORTEO PÚBLICO PARA REALIZAR OS DESEMPATES

O sorteo realizarase no salón de plenos da Casa Consistorial, público a todas as persoas interesadas no procedemento que desexen asistir (*non é obrigatoria a asistencia*).

Transcríbese a continuación a acta do tribunal de selección de data 30/06/2021:

“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A SELECCIÓN DE 7 AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)

SESIÓN DO 30/06/2021 (3)

Tribunal de selección:

Presidente: José M. Sánchez Somoza
Secretario: Martín Blanco Buceta
Vogal 1: Ana I. Fernández Martínez
Vogal 2: M^a Dolores Franco López.
Vogal 3: José F. Gestoso Rivadulla

Na sala de xuntas do Concello, sendo as 10.00 horas do 30/06/2021, baixo a presidencia de José M. Sánchez Somoza, reúnen os membros do tribunal designado para a selección de 7 auxiliares de policía local (personal laboral temporal).

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas pola Xunta de Goberno Local por acordo de data de 12/05/21 e publicadas no BOP número 92 do 19/05/21.

O obxecto desta sesión é a resolución das alegacións presentadas á proba de coñecementos, publicación das puntuacións definitivas e convocatoria de sorteo público para realizar os desempates nas puntuacións.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

- O aspirante Rafael Ma** , por escrito en data 24/06/21 (Núm. RE 2386), presentou alegación en relación cas preguntas número 17, 25 e 38 e revisión da súa plantilla da proba de oposición.
- O aspirante Jesús M. B***, por escrito en data 25/06/21 (Núm. RE 2397), presentou alegación en relación cas preguntas número 40.
- A aspirante Jihane J***, por escrito en data 26/06/21 (Núm. RE 2412), presentou alegación en relación cas preguntas 21, 25 e 26.
- O aspirante Efren Faj***, por escrito en data 25/06/2021 (Núm. RE 2405), presentou alegación en relación cas preguntas 2, 17 e 21.
- A aspirante Carolina Aug***, por escrito en data 25/06/21 (Núm. RE 2395), presentou

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 79f7LMA7T2ZADC0M36PCEAKKN | Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello de Boiro

alegación en relación cas preguntas 15 e 17.

- O aspirante Victor San***, por escrito en data 26/06/21 (Núm. RE 2411), presentou alegación en relación cas preguntas 25 e 38.
- A aspirante María Ter***, por escrito en data 28/06/21 (Núm. RE 6843), presentou alegación en relación cas preguntas 17, 25 e 26.
- O aspirante Carles Mont***, por escrito en data 29/06/21 (Núm. RE 6953), presentou alegación en relación cas preguntas 14 e 17.
- O aspirante Juan F. D***, por escrito en data 29/06/21 (Núm. RE 6952), presentou alegación en relación cas preguntas 17, 25, 26, 40 e 43.

2.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES.

Pregunta número 02. Unha vez revisada esta pregunta, procede non atender á alegación presentada en base ó disposto no artigo 23 do Código Penal, tendo en conta que a circunstancia mixta de parentesco pode atenuar ou agravar a responsabilidade, segundo a natureza, os motivos e os efectos do delito. Cando se tratan de delitos contra as persoas actívanse as consecuencias agravatorias e se lle conceden resultados atenuatorios nos delitos contra o patrimonio. Por este motivo só a resposta a) pode ser considerada correcta.

Pregunta número 14. Unha vez revisada esta pregunta, procede non atender á alegación presentada e manter como resposta correcta o apartado a), en base á literalidade da pregunta formulada en relación co disposto no artigo 380.1 da Lei Orgánica 10/1995, do Código Penal.

Pregunta número 15: Unha vez revisada esta pregunta, procede desestimar a alegación presentada, considerando que o feito de suprimir a característica de dolosas non fai menos certa a resposta de que **as accións e omisións imprudentes penadas pola lei** son delito conforme o artigo 10 do Código Penal. Nesta caso o salientable é que se trata dun delito porque é unha imprudencia punible, xa que hai imprudencias que non son penadas pola lei.

Pregunta número 17. Unha vez revisada esta pregunta, procede estimar as alegacións presentadas tendo en conta de conformidade ca normativa vixente, todo exceso de velocidade, todas as situacións de “deixar o lugar do accidente” e todas as situacións de “conducir sen ter o permiso de conducir vixente”, non son considerados delitos contra a seguridade viaria.

Substitúese a pregunta número 17 pola Pregunta Reserva número 51.

Pregunta número 21. Unha vez revisada esta pregunta, procede estimar as alegacións presentadas en base a que o seu enunciado non está redactado de xeito claro e pode levar a confusión debido a que, a Lei 2/2016, do Solo de Galicia establece o prazo de resolución en tres meses pero non fala do prazo de notificación. Ó ser así, débese aplicar o artigo 21 da Lei 35/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas onde se establece o prazo de notificación de tres meses cando a norma reguladora do correspondente procedemento non fixen un prazo máximo.

Substitúese a pregunta número 21 pola Pregunta Reserva número 52.

Pregunta número 25. Unha vez revisada esta pregunta, así como as alegacións presentadas, o tribunal acorda anular esta pregunta unha vez comprobada a non concordancia na redacción da pregunta (*prescripción das infraccións leves*) con relación ó disposto nos artigos 38 e 40 da Lei orgánica de protección da seguridade cidadá: **Artigo 38. Prescripción das infraccións: 1. As infraccións administrativas tipificadas nesta Lei prescribirán aos seis meses, ao ano ou aos dous anos de haberse labor, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente. Artigo 40. Prescripción das sancións 1. As sancións impostas por infraccións moi graves**

Concello de Boiro





Concello de Boiro

prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves ao ano, computados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola que se impón a sanción.

En relación á alegación relativa á anulación da pregunta por non estar dentro do temario que consta na base 10ª, das que rexen esta convocatoria, procede desestimar esta alegación, considerando que o obxecto da lei orgánica de protección da seguridade cidadá é *"a regulación dun conxunto plural e diversificado de actuacións de distinta natureza orientadas á tutela da seguridade cidadá, mediante a protección de persoas e bens e o mantemento da tranquilidade dos cidadáns"*, estando por tanto, directamente relacionada cas funcións propias dos corpos e forzas de seguridade do estado e polo tanto dos auxiliares da policía local, tal e como se pode comprobar ó longo do seu articulado, do enunciado dos capítulos que a compoñen e máis concretamente do disposto nos seus artigos número 02, 04 e 05.

(Temas número 5 e número 12 da oposición)

Substitúese a pregunta número 25 pola Pregunta Reserva número 53.

Pregunta número 26. Unha vez revisada esta pregunta, procede desestimar as alegacións presentadas, unha vez comprobado o disposto no artigo 35.3 da vixente lei de seguridade cidadá no referente a infraccións moi graves: A celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas quebrantando a prohibición ou suspensión ordenada pola autoridade correspondente por razóns de seguridade pública., así como no artigo 36.1 no referente a infraccións graves: A perturbación da seguridade cidadá en actos públicos, espectáculos deportivos ou culturais, solemnidades e oficios relixiosos ou outras reunións ás que asistan numerosas persoas, cando non sexan constitutivas de infracción penal.

En canto á alegación relativa a atoparse esta pregunta fora de temario, estarase á explicación dada por este motivo no tocante á pregunta número 25.

Pregunta número 38. Unha vez revisada esta pregunta, procede non atender as alegacións presentadas (2), tendo en conta que da literalidade do enunciado da pregunta: *"un movemento de terras" está suxeito a licenza urbanística municipal?* , esta so pode interpretarse no ámbito destinado ós actos que poidan considerarse relacionados con algún tipo de acción relativa ó ámbito urbanístico municipal, polo que calquer outra interpretación sería extensiva e non motivada, ca finalidade de modificar o resultado da resposta adaptandoo á situación personal, forzando a súa repuntuación.

Pregunta número 40. Unha vez revisada procede desestimar a alegación presentada atendendo á literalidade da pregunta que non entra a valorar a gravidade do delito cometido si non que únicamente detalla si un auxiliar de policía local PODE chegar a realizar ou non unha detención cando se atope cun delito "in fraganti".

Igualmente en relación á alegación relativa a atoparse esta pregunta fora de temario, procede non atender á alegación presentada, tendo en conta que se atopa incluída dentro das funcións básicas que debe coñecer e desenvolver un auxiliar de policía local no seu posto de traballo; sendo incluída por tanto no tema número 12 da base número 10 das que rexen esta convocatoria.

Pregunta número 43. Unha vez revisada, procede estimar a alegación presentada en base a que tal e como consta no artigo 57.1 do RD 1428/2003, de 21 de novembro, tanto a resposta a), b) e c) poderían ser consideradas correctas, e non a resposta d) tal e como consta na plantilla de corrección. Obsérvase por tanto un erro na redacción da pregunta, donde debería constar que se sinalara a opción incorrecta.

Neste caso elimínase a pregunta número 43.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 79H7LMAYT2ZADCMW36PCEAKKN | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



Concello de Boiro

Considerando que xa foron utilizadas as 3 preguntas de reserva, para o cálculo do resultado final aplicarase a fórmula que consta na base número 9.2 da convocatoria, tomando como referencia que o número de acertos será o resultado de restar o número de fallos cometidos ás cuarenta e nove preguntas das que consta o exáme.

Deste xeito será preciso acadar catro con noventa puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

3.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

Nº	Nome	Acertos Test	Fallos Test	Resultado
1	VÍCTOR SA	46	3	9,00
2	RAFAEL MA	45	4	8,73
3	Mª TERESA	44	5	8,47
4	PABLO SAN	44	5	8,47
5	JACOBO RE	43	6	8,20
6	JUAN ANTO	42	7	7,93
-	EVELYN R	41	8	7,67
-	VANESA OR	41	8	7,67
9	ANGEL GAR	41	8	7,67
-	ALBA BRET	40	9	7,40
-	CAROLINA	40	9	7,40
-	JIHANE JA	40	9	7,40
*	EFREN FAJ	40	9	7,40
*	JESÚS MAN	40	9	7,40
-	EUGENIO L	39	10	7,13
-	FRANCISCO	39	10	7,13
-	JUAN FRAN	39	10	7,13
-	SERGIO SE	39	10	7,13
19	MARIA TUB	38	11	6,87
20	ELOY VILA	38	11	6,87
-	CARLES MO	37	12	6,60
-	FERNANDO	37	12	6,60
*	ANTONIO C	36	13	6,33
*	BREIXO PE	36	13	6,33
-	ANGEL MEI	35	14	6,07
-	ANXO OREL	35	14	6,07
27	NOELIA MA	34	15	5,80
-	JORGE GAR	34	15	5,80
-	JORGE VIL	34	15	5,80
-	JUAN CAIN	34	15	5,80
31	RODRIGO B	34	15	5,80
-	ANDRES SE	33	16	5,53

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 79H7LMAYTZADCMW36PCEAKKN | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Boiro

-	IAGO DIAZ	33	16	5,53
-	PERFECTO	33	16	5,53
*	ANA MOS R	32	17	5,27
*	MIRELLA L	32	17	5,27
*	UXIA ESPI	32	17	5,27
-	DIEGO VAZ	32	17	5,27
-	LUIS ALFO	32	17	5,27
40	GONZALO R	31	18	5,00
-	UXIA CHAN	29	20	4,47
-	IAGO GOND	29	20	4,47
-	ALEXANDRE	22	27	2,60
-	SERGIO RO	22	27	2,60
-	BREIXO AG	20	29	2,07

3.- DESEMPATE PUNTUACIÓNS:

Unha vez determinadas as puntuacións obtidas nos exercicios e tendo en conta o previsto na Base 11ª das bases de selección *“En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade: Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, preferencia da muller respecto do home. De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.”*, aprécianse 11 grupos de empate.

Seguindo as instrucións anteriormente mentadas, para algúns destes desempates, procede dirimirse por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador. Así se convoca a toda persoa interesada neste proceso para asistir o vindeiro **luns, 05/07/2021 ás 10:00 horas no salón de plenos da Casa Consistorial á celebración do sorteo público.**

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 12:00 horas do día da data, do que eu, secretario do tribunal dou fe.”

Documento asinado dixitalmente

O secretario do tribunal, Martín Blanco Buceta

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 79H7LMAYT2ZADCMMW36PCEAKKN | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5